

ACTA Nº 51/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 30 de novembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 48/09, do 09/11/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 227/09 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO LAS ARENAS, representada por D.^a Consuelo Romero Pérez, presenta estudo técnico para saneamento de fachadas do do edificio situado na Avda. da Xunqueira núm. 5 e 7 do barrio do Redondo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 20.11.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de novembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA SANEAMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación e ornato definids na documentación técnica presentada.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe do Servicio Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, a cuxas condicións debe someterse a presente execución de obras

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

O expediente conta con estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	127,12 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €B
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 224/09 – D. LUIS BOUBETA FERNÁNDEZ presenta proxecto de cambio de material de cubrición e revestimento de fachadas nunha edificación sita na Xunqueira núm. 12 do barrio de Reibón-Meira-Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 16.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de novembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxeto se centran na simple conservación da cuberta coa substitución da tella plana en mal estado por un soporte de paneis sandwich formado por chapa prelacada co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación con revestimento de pintura impermeabilizante, se preservará o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	146,15 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no informe do técnico, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 228/09 - D.^a ARGENTINA DEL RÍO IGLESIAS presenta solicitude de obra para construción dun muro de peche de parcela situada no lugar de San Lourenzo-Domaio, de 96,40 m. liñais e 1,80 m. de altura a base de bloques de formigón e malla metálica, de conformidade coa documentación presentada. Orzamento: 3650,86 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 24 de novembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (OBRA MENOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Retranqueo do eixo do camiño será de catro metros mínimo.
Altura máxima de peche para solo rústico de acordo co determinado no artigo 42.1.c da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia será de un metro.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	102,22 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.- DENEGACIÓN DE LICENZAS

4.A) EXPTE. 278/08 – D. VICENTE GARCÍA COPETE presenta proxecto de acondicionamento de planta baixa para vivenda en edificación existente, situada no barrio de Verdeal nº 11, Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polos arquitectos técnicos D. Francisco Mallo Lagoa e D. Santiago Gil Fernández, visado na data 18.11.2008, para legalización do expte. nº 73/08, de reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de outubro de 2009, que literalmente di:

Arturo Garrido García, aparelador municipal deste Concello, a requerimento do Sr. Alcalde en relación dunha petición formulada por Santiago Gil Hernandez e Francisco Mallo Lagoa en representación de **Vicente García Copete (Expediente de obras 278/08 e expediente de reposición da legalidade urbanística 73/2008)**, **considera non esixible a cesión da superficie da parcela afectada pola alineación** e a tal efecto emito o presente informe:

O terreo que soporta a edificación resulta ser un solo urbano de Ordenanza 2. Atendendo o disposto no apartado 1.b) da Disposición transitoria primeira da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), tendo en consideración que as NN.SS. de Planeamento Municipal non están adaptadas a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesta lei (LOUGA) para o solo urbano consolidado sempre e cando reuna as condicións do Artigo 12.a) o cal define o solo urbano consolidado o solo integrado por soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico podan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas edificacións ou construcións.

O Artigo 19 da LOUGA establece como **deber dos propietarios enclavados en solo urbano consolidado a cesión gratuita o municipio dos terreos destinados a viais for-a das alineacións establecidas no planeamento así como o deber de urbanizar pola súa conta para que aqueles alcancen, si aínda non a tivesen, a condición de soar.** A cuestión quda reafirmada cando no Artigo 16.1 da LOUGA entre outras varias características se determina que para adquirir a condición de soar deberá urbanizarse de acordo coas alineacións, rasantes e normas técnicas establecidas no planeamento. Aínda que o concepto conleve chegar o mesmo punto de partida, o propietario de solo urbano, según se determinano Artigo 17 da LOUGA, teñen dereito a completa-la urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soares e edificar nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable.

Como conclusión, ante ausencia de determinacións no planeamento, de non facer efectiva a alineación da parcela implica, por aplicación do Artigo 103.1.2 da LOUGA, a **declaración de un for-a de ordenación con capacidade de simples obras de conservación e as necesarias obras rehabilitadoras para o mantemento do uso preexistente.**

Características do local: baixo lobrego para usos complementarios e auxiliares de vivenda unifamiliar. Non procedería a licenza solicitada.

Aos efectos oportunos.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	457,58 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador.

4.B) EXPTE. 223/09 – D. JAIME CURRÁS RODRÍGUEZ solicita licenza municipal para apertura de oco en fachada para colocación de portal de acceso á bodega existente, chorreo, limpeza e pintado do muro. Apertura de hoco 4.x 3 = 12,00 m²; chorreo e pintado do muro: 60,00 m²; orzamento das obras: 1000 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 25 de novembro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS:223/09

EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE 56/2008

PETICIONARIO: JAIME CURRAS RODRIGUEZ

ASUNTO: OBRAS EN FACHADA DUN LOCAL EXISTENTE (OBRA MAIOR)

SITUACIÓN: BROULLÓN.

INFORME: Non procede licenza.

Non resulta legalizable a execución de obras sobre un elemnto estruturante dunha edificación en situación de fora de ordenación pola situación respecto o sistema viario polo que debe denegarse a legalización de apertura de hoco e colocación de portal. Resulta obvio que o chorreo, limpeza e pintado de muro tamén debe denegarse por ser accións de conservación do muro si o seu destino por resolución do expediente de reposición da legalidade resulta ser a demolición.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	28,00 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) EXPTE. DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE 31/09 - D.^a CARMEN PEQUEÑO SANJORGE presenta escrito de alegacións contra a resolución da Alcaldía 490/2009 achegando documentación na que se substenta.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 26 de novembro de 2009, que literalmente di:

A teor do determinado no artigo 204.4 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os feitos constatados polo persoal funcionario de inspección e vixilancia no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou aportar os propios interesados.

O interesado en escrito R.E. 7822 de 8 de outubro de 2009 presenta probas que modifican os principios fácticos polos casles se incoa o expediente; concretamente, tanto no negociado de obras como o de aperturas consta a existencia da obra obxecto do presente expediente de reposición da legalidade no ano 2002, en consecuencia, debe **sobreseerse por prescripción o presente expediente** a teor do determinado no artigo 210.2 da LOUGA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda archivar o expediente por prescripción.

5.B) PROXECTO REFORMADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN E CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA

EXPTE. 15/08 – CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L.

D.^a SONIA SANTOMÉ CORRALES, por escrito do 19 de novembro de 2009, expón que é propietaria do solar e do expediente para a edificación dunha vivenda que anteriormente foi propiedade da promotora PEÑA FERROL MORRAZO, S.L. e para a cal se obtivo a correspondente licenza e que, ao redactarse o proxecto de execución, solicita que se anexe ao expediente 15/08.

Visto que coa solicitude acompaña proxecto modificado de básico e proxecto de execución de vivenda unifamiliar aillada, no lugar de Refoxos, Moaña (parcela 1), redactado polo arquitecto D. Manuel Lorenzo Lista, visado o 9 de novembro de 2009, correspondente ao expediente nº 15/08,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 25 de novembro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 15/08
PETICIONARIO: CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L.
ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO REFORMADO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN
ASUNTO: CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA
SITUACIÓN: L/ DE REFOXOS.MEIRA

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo o expediente 15/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza. Por reaxustes en posterior medición de parcela prodúcese unhas lixeiras modificacións no garaxe mmedianteiro con outra parcela da mesma propiedade e na superficie de cesión, franxa paralela o eixo do camiño nunca inferior a catro metros.

Atendendo o disposto no Artigo 13 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, as licenzas relativas as condicións dunha obra, instalacións ou servizo serán transmisibles, acción que deberá comunicarse a Corporación. En consecuencia, procede cambio de titularidade de licenza a favor do peticionario ante a mesma solicitudee por definición no propio proxecto debe producirse o cambio de titular da edificación e da parcela 1 da parcelación que soporta o presente proxecto a favor de Sónia Santomé Corrales. Quedan subrogadas todas as condicións impostas pola licencia primitiva nº 15/08. Arquívese no inicial expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do aparelador municipal, acorda

Primeiro: O cambio de titularidade da licenza do expediente de obras 15/08, que estaba a nome de CONSTRUCCIONES PEÑA FERROL MORRAZO, S.L.. e pasa ao de D.^aSONIA SANTOMÉ CORRALES

Segundo: Ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 15/2008.

5.C) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, departamento territorial da CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, no que solicita condicionado

relacionado á aprobación do proxecto nº de expte. IN407 2009/750-4, solicitado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para o que achega separata do proxecto.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 25 de novembro de 2009, que literalmente di:

Ante solicitude presentada pola Consellería de Economía e Industria relativa a **reforma CT Guixamil, nº expediente IN407A 2009/750-4** cuxo solicitante resulta ser Unión Fenosa Distribución, S.A., este Concello de Moaña, non opón condicionado algún a instalación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo ao departamento territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria.**

5.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS

Dáse conta que nas resolucións núm. 676/09 e 678/09, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6. PROPOSTAS DE GASTO

6.A) Visto o orzamento presentado pola empresa NILFISK ALTO (Delegación Galicia), dunha fregadora automática Scrubtec 553 E, por un importe de 3.128 euros (sen iva), solicitado para a limpeza de pavillóns,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4520-62202, RC 1876

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 3.628,48 € a favor da empresa NILFISK ALTO con cargo a partida 4520-62202 RC 1876, pola tramitación da adquisición da fregadora automática..

6.B) Visto o orzamento presentado pola empresa ADRO ARQUEOLÓXICA S.L. pola petición realizada pola Alcaldía, para AMPLIACIÓN DE DELIMITACIÓN PATRIMONIAL DE BENS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE MOAÑA, por un importe de 6.978,78 euros. (sen iva).

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4320-22706, RC 1877

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 8.095,38 € a favor da empresa ADRO ARQUEOLÓXICA con cargo a partida 4320-22706 RC 1877, pola ampliación do catálogo de bens arqueolóxicos..

7.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se aprobe a relación de facturas nº 177 presentada pola Intervención municipal de data 24 de novembro de 2009, informada favorablemente pola Comisión de Facenda dese mesmo día, por importe de 63.766,76 euros, relación que comeza pola factura de RELE CALEFACCIÓN, S.L., polo importe de 162,40 euros e remata coa factura LA NUBE ROSA, S.L., polo importe de 181,26 euros, e que está integrada polos anexos:

- Anexo I: gastos que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos que contan con retención de crédito e proposta de gasto.
- Anexo III: gastos que non contan con tramitación contable,

31	RELE CALEFACCION, S.L.	1210 21201	162,40
215	ALGARVA SERVICIOS, S.L.	4513 22610	1.676,20
290943	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	2220 20900	89,27
2591	DOCK FUNDACION ARTISTICA, S.L.	4520 22601	1.600,80
001-CM	ALVAREZ COSTAS, Maria Dolores	3130 22611	108,98
A001-CM	ALVAREZ COSTAS, Maria Dolores	4520 22109	532,44
10	URBASER, S.A.	4420 22608	17.933,32
28	SILVA DIZ, Rosario	3130 22614	750,00
FV9/84	PUBLISAN MORRAZO, S.L.	4520 22601	69,60

226	CHAPELA BARROS, José / Ferret. O Muelle	4520 22109	164,77
631	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	43,85
630	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	165,50
629	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	225,99
628	MONTES COSTAL, Maria Luz	5110 22108	79,34
627	MONTES COSTAL, Maria Luz	4120 22108	61,89
626	MONTES COSTAL, Maria Luz	4120 22108	81,80
622	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	112,17
618	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	142,13
633	MONTES COSTAL, Maria Luz	5110 22108	43,85
625	MONTES COSTAL, Maria Luz	4421 22108	164,19
632	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	203,39
619	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	95,24
617	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	131,67
623	MONTES COSTAL, Maria Luz	varias	299,14
621	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	106,02
620	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	106,02
624	MONTES COSTAL, Maria Luz	varias	454,56
740	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	2220 22700	34,00
8715	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	126,00
8769	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	117,00
8753	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	225,00
24	VILLVERDE PIÑEIRO, Rafael	4220 22104	300,00
152	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	6110 22000	103,24
9679	PAZ DISMAC, S.L.	1210 22003	727,32
9681	PAZ DISMAC, S.L.	1210 22002	16,07
9680	PAZ DISMAC, S.L.	2221 22109	372,86
98958	RIAS BAIXAS COMUNICACION, S.A.	3130 22001	313,90
412	COMERCIAL OTERO DE MOAÑA, S.L.	4321 21200	114,14
805	COMERCIAL OTERO DE MOAÑA, S.L.	4321 21200	37,31
81811	COMERCIAL SENRA, S.A.	4520 20203	373,52
4735	FARO DE VIGO, S.A.	4320 22001	81,20
4736	FARO DE VIGO, S.A.	1210 22001	40,60
4737	FARO DE VIGO, S.A.	4320 22001	40,60
4734	FARO DE VIGO, S.A.	3130 22001	40,60
4081	FARO DE VIGO, S.A.	4510 22602	280,14
109	CHAPELA BARROS, José / Ferret. O Muelle	2221 22109	56,40
9	HERNANDEZ GONZALEZ, Maria	4520 22602	311,12
3M	MAR DO MORRAZO, S.COOP.GALEGA	7510 22608	115,16
25	TALLER MOTOR MOAÑA, S.L.	2220 21400	227,78
A313	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	252,74
A326	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	3.171,44
A259	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	533,60
A261	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	1.954,60
A222	POMBAL PIÑEIRO, Maria del Carmen	4440 22608	208,80

136	SOAGE BERNARDEZ, Agustin	7510 22607	185,60
137	SOAGE BERNARDEZ, Agustin	7510 22607	185,60
110	WURTH, S.L.	1210 21600	267,26
7960	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	5110 22103	1.946,72
19	NOVOCONTORNO, S.L.	4440 22109	326,42
5298	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	60,32
1942	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	70,24
7923	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	1.354,07
2860	WURTH ESPAÑA, S.A.	5110 22109	100,22
50062	WISECORSA Y ARTABRA, UTE	4130 22701	45,98
635	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	50,11
161	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	1210 21600	351,87
88305	GAS NATURAL, S.U.R.	1210 22101	33,21
651	ESYCSA	2220 21300	549,86
210	MONTAJES OGANDO, S.L.	4220 22109	91,06
211	MONTAJES OGANDO, S.L.	4220 22109	64,96
212	MONTAJES OGANDO, S.L.	4220 22109	23,43
7251	JUCONS GALAICA, S.L.U.	5110 20300	52,33
7268	JUCONS GALAICA, S.L.U.	5110 20300	882,06
941	RODRIGUEZ GARCIA, Fernando (FERROGAR)	4430 22611	336,40
85054	COMERCIAL SENRA, S.A.	4520 20203	234,32
1307	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4320 22000	126,47
1308	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22200	10,80
1309	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22000	19,55
1311	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4510 22000	132,07
1310	KOPIAK MOAÑA, S.L.	6110 22000	15,43
1312	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	45,16
2532	SANCHILAN, S.L.	5110 20300	27,75
8546	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	117,60
8855	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	2221 22103	481,25
8854	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	2221 22103	179,51
8852	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	5110 22103	2.119,53
1076	GAS NATURAL, SDG	4520 22102	471,30
162	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	1210 22002	74,00
8853	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1210 22103	60,00
85	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	1210 22603	81,30
86	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana	1210 22603	124,55
7-PF	TALLER MOTOR MOAÑA, S.L.	2220 22109	20,00
89036	DEPUTACION PROVINCIAL	3130 22618	298,91
634	MONTES COSTAL, Maria Luz	2220 22109	117,66
27	SILVA DIZ, Rosario	4321 22109	190,50
75	FONCAL MORRAZO, S.L.	4321 21200	110,20
76	FONCAL MORRAZO, S.L.	1210 21200	127,60
77	FONCAL MORRAZO, S.L.	1210 21200	174,00
83	FONCAL MORRAZO, S.L.	4421 21200	522,00

84	FONCAL MORRAZO, S.L.	4321 21200	116,00
86	FONCAL MORRAZO, S.L.	1210 21200	429,20
96	FONCAL MORRAZO, S.L.	1210 21200	150,80
97	FONCAL MORRAZO, S.L.	4321 21200	87,00
101	FONCAL MORRAZO, S.L.	1210 21200	92,80
1004	MADERAS COBRES, S.L.	5110 22109	861,13
31655	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA	3130 22200	69,96
24760	CURT MARTINEZ, Federico	4430 22110	987,08
19365	SENAVE, S.L.	5110 22109	343,89
37	ARANCHABALY, S.L.	5110 61112	6.960,00
482	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4440 22000	452,79
881450	S.O.RIAS BAIXAS, S.L.	3130 22003	27,46
1952	PIDRE PEREZ, Cándida	3130 22109	34,50
299	SEDIAT	1210 22002	4.334,04
1003	LA NUBE ROSA, S.L.	4510 22601	181,26
TOTAL.....			63.766,76

Visto o informe do interventor do día 24 de novembro de 2009, no que emite reparo porque o total de gasto xa imputado, ou que neste trámite se imputan, ao orzamento en concepto de prestación de subministro de combustible, materia de limpeza, material de construción e consumo telefónicos supera o límite establecido para os contratos menores, e por asumir gastos orixinados por clubs de xubilados, alleos ao Concello e sen tipo ningún de relación orgánica ou dependencia con el.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo do interventor para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entender que os servizos foron efectivamente executados e por tratarse de bens e instalacións municipais.

Segundo: recoñecer a obriga das facturas relacionadas na **relación número 177**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela.

8.- FACTURA DE TELEFONÍA FIXA MES DE SETEMBRO 2009

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 24 de novembro de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía fixa do mes de setembro de 2009, reflectido na factura 60-I955-002957 de Telefónica de España, por un importe de 3.350,85 euros, e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-1856-0.

9.- FACTURA TELEFONÍA MÓBIL (MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2009)

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 24 de setembro de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

9.A) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de xullo de 2009, reflectido na factura 28-H985-781421 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.870,90 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-1852-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 735,33 euros correspondentes a dita facturación.

9.B) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de agosto de 2009, reflectido na factura 28-I987-498977 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.789,82 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-1853-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 719,87 euros correspondentes a dita facturación.

9.C) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de setembro de 2009, reflectido na factura 28-J985-527400 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.638,12 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-1854-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 677,81 euros correspondentes a dita facturación.

10.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS REMITIDA POLA INTERVENCIÓN XERAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN RELACIÓN A UNHA TRANSFERENCIA POR IMPORTE DE 156.088,39 EUROS EFECTUADA A FAVOR DO CONCELLO DE MOAÑA

Pola Tesourería Municipal se informa do ingreso efectuado na conta operativa municipal aberta en Caixanova con data 16 de novembro do presente ano.

Á vista do exposto no citado informe da Tesourería, de data 23 de novembro de 2009, onde se aclara que o ingreso non detenta título xurídico habilitante para proceder ao seu cobro, que non consta na contabilidade municipal dereito recoñecido por tal importe, e que á vista dos datos reflectidos na resolución da Presidencia da Deputación de 1 de outubro de 2009, o importe ingresado correspóndese co que procede reter ao Concello sobre o montante global da subvención que ten concedida no marco do Plan de Investimentos da Deputación con motivo das cantidades debidas e pendentes de pago á Caixa de Anticipos de Cooperación, polo que procede a devolución pretendida.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a devolución da cantidade de 156.088,39 euros á Deputación de Pontevedra, mediante anotación contable na agrupación non orzamentaria, dando conta do presente acordo á Tesourería Municipal para que proceda ao mesmo.

11.- AXUDAS EXTRASANITARIAS A PERSOAL LABORAL DO CONCELLO

11.A) D.^a Ángeles Cabeiro Dopico solicita axuda extrasanitaria por gastos odontolóxicos para seu fillo, para o que presenta factura por un total de 169 euros, prescrición facultativa, fotocopia do libro de familia, certificados do INEM e da Seguridade Social,

Visto o artigo 25 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña,

Visto o informe favorable do interventor de data 30 de novembro de 2009 para o recoñecemento da obriga desta axuda, a cal estima o seu importe en 84 euros, unha vez visto o desglose da factura presentada e os tratamentos aos que se lle pode dar unha axuda e que recolle a seguinte táboa:

Concepto	Gasto xustificado	Porcentaxe	Límite	Axuda
Empaste	84,00	100%	100%	84,00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a axuda para gastos odontolóxicos solicitado por D.^a Ángeles Cabeiro Dopico, e así recoñecer a obriga por importe de 84 euros en concepto de axudas extrasanitarias para D.^a Angeles Cabeiro Dopico.

11.B) D.^a Isabel Labrador Castro solicita axuda extrasanitaria por gastos odontolóxicos e presenta a correspondente prescrición facultativa e factura por importe de 795 euros.

Visto o artigo 25 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña,

Visto o informe favorable do interventor de data 30 de novembro de 2009 para o recoñecemento da obriga desta axuda, a cal estima o seu importe en 450 euros, unha vez visto o desglose da factura presentada e os tratamentos aos que se lle pode dar unha axuda e que recolle co seguinte cadro:

Concepto	Gasto xustificado	Porcentaxe	Límite	Axuda
Protesis parcial	410,00	50%	420,71	205,00
5 empastes	245,00	100%	100%	245,00
TOTAL				450,00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a axuda para gastos odontolóxicos solicitado por D.^a Isabel Labrador Castro, e así recoñecer a obriga por importe de 450 euros en concepto de axudas extrasanitarias para D.^a Isabel Labrador Castro.

12.- MODIFICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

12.A) ALTAS NO SAF CON CARGO Á LEI DE DEPENDENCIA

Visto o informe do 30 de novembro de 2009 da traballadora social do Concello en relación a **altas** no Servizo municipal de Axuda no Fogar con cargo á Lei de Dependencia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: dar de alta no SAF con cargo á Lei de dependencia ás seguintes persoas, con indicación da achega económica coa que deben contribuír á súa prestación:

- M^a Luisa García del Rio: 55 h/mes, dende o 1 de decembro. Achega: 55 €/mes.
- María Ríos González: 40 h(mes, dende o día 20 de novembro. Sen achega económica.
- Manuel Rodríguez Gayo: 30 h/mes, dende o 16 de novembro. Achega: 30 €/mes.
- Juan Carlos Fernández Saavedra: 70 h/mes, dende o 16 de novembro. Achega: 70 €/mes.
- Isabel Portela Pérez: 20 h./mes, dende o 23 de novembro. Sen achega económica.
- M^a Balbina Chapela Iglesias: 70 h/mes, dende 16 de novembro. Achega: 70 €/mes.
- Lidia Ríos Ríos: 55 h./mes, dende o 25 de novembro. Achega: 55 €/mes.
- Peregrina Ríos Solla: 30 h/mes, dende o 23 de novembro. Aportación: 30 €/mes.
- América Rúa Sartié: 70 h/mes, dende o 25 de novembro. Achega: 70 €/mes.
- Eugenia Corrales Gayo: 70 h/mes dende o 1 de decembro. Achega: 70 €/mes.

Segundo: Dar traslado do acordo á Recadación municipal e aos interesados.

12.B) Visto o informe da traballadora social do 30 de novembro de 2009 en canto a modificación do servizo de Servizo de Axuda no Fogar,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda: ampliar o SAF a D: Hermentor Soliño Sotelo a dúas horas diarias dende o 1 de decembro de 2009, polo motivo que se recolle no informe da traballadora social.

13.- PAGO MULTA EN EXPEDIENTE SANCIONADOR POR VERQUIDOS NO CORREDOR DO MORRAZO

En data 26 de maio de 2008 o Servizo de Vixiancia adscrito ao Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra formula denuncia, ante o Concello por realizar verquidos de escombros na zona de dominio público da estrada CG-4.1 Ponte de Rande-PO 551 Cangas, p.q. 8+950, no termo municipal de Moaña.

En data 10 de xuño de 2009 a Dirección Xeral de Obras Públicas acorda iniciar expediente sancionador contra o Concello polos feitos reseñados.

En data 26 de novembro do 2008 o Director Xeral de Obras Públicas acorda imponer unha sanción ao Concello por importe de 2.301,88 euros, pola comisión dunha infracción grave, realizar verquidos de escombros na zona de dominio público da estrada CG-4.1 Ponte de Rande-PO 551 Cangas, p.q. 8+950, no termo municipal de Moaña. dando fin ao citado expediente sancionador.

En data 19 de novembro de 2009, n^o de rexistro de entrada 9345, ten entrada no rexistro do Concello documento de pago da sanción en período voluntario, sanción por importe de 2.301,88 euros.

Visto o Informe da Intervención Municipal de data 24 de novembro de 2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

Recoñecer a obriga e ordenar o pago da sanción, por importe de 2.301,88 euros, en favor do Tesouro Público da Facenda Galega co cargo á partida 5110.22610, dispoñendo do crédito existente na bolsa de vinculación función 51-artigo 22, pola urxencia na que se debe proceder ao citado pago.

14.- INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

En data 26 de xaneiro de 2009 o Concello acordou adxudicar definitivamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” á empresa TECODE GALICIA S.A.L., polo prezo de CATROCIENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS (449.220,00 €), IVE incluído.

En data 11 de marzo de 2009 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

Á vista do tempo transcorrido e atendendo ao prazo de execución das obras previsto no contrato, 6 meses a partir do da seguinte ao de subscrición da acta de comprobación do replanteo, o Concello acordou requirir da empresa TECODE GALICIA S.A.L., adxudicataria da obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” para que procedese ao reinicio das obras con carácter inmediato, co apercibemento de que de non acometerse o requirido, o Concello, procedería ao inicio do expediente de resolución contractual por demora no prazo de execución dos traballos conforme ao prazo previsto no contrato.

O requerimento, foi notificado, logo de tentarse mediante correo ordinario, mediante burofax en data 5 de outubro de 2009.

Á vista do tempo transcorrido sen que se reiniciasen as obras.

A Xunta de Goberno, como órgano de contratación e, de conformidade cos artigos 54 e 111 Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, por unanimidade dos asistentes, acorda,

PRIMEIRO.- Iniciar os trámites para a resolución do contrato de obra “Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro”, dando traslado do expediente á Secretaría e Inteevención Municipal para a emisión de informes.

SEGUNDO.- Conceder un prazo de dez días hábiles de audiencia ao adxudicatario para alegar o que estime oportuno sobre a proposta de resolución do contrato por incumprimento nos prazos de execución previstos no contrato, proposta que se formulará logo dos citados informes.

15.- MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRA REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL”

- En data de 24 de novembro de 2008, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL” á empresa CONSTRUCCIONES VARELA VILLAMOR S.L., polo prezo de

CINCOCENTOS SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS E SEIS CÉNTIMOS (572.257,06 €), IVE incluído, un prazo de execución de 10 meses, as melloras recollidas na oferta e un prazo de garantía de 24 meses.

- Figura no expediente Proxecto do modificado Nº 1 redactado polo Director de Obra e solicitude de ampliación de prazo por parte da empresa adxudicataria, de cinco meses e medio. No expediente se inclúe conformidade do contratista ca modificación proposta e cadro de prezos contradictorio.

Visto o informe da Secretaría.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto reformado do básico e de execución de obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL” e o expediente de modificación nº 1 do contrato da citada obra, en base ás circunstancias sinaladas nos informes obrantes no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar un gasto complementario por importe de 111.590,00 Euros, IVE incluído, autorizando e comprometendo gasto con cargo á partida 4220.62200 do orzamento para o 2009.

TERCEIRO.- Conceder unha prórroga na execución do contrato de cinco meses e medio respecto do previsto inicialmente, conforme ao sinalado no informe do Director de Obras.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista para que concorra á formalización da modificación e se lle requira para que, segundo o disposto no artigo 87.3 da Lei 30/2007, presente, no prazo de 15 días, o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva reaxustada á modificación, sumando a garantía un importe total, ca modificación incluída, de 29.476,17 euros.”

16.- INICIO DE EXPEDIENTE DE RUÍNA EDIFICIO PAZO DO REAL

Visto expediente obrante neste Concello relativo ao estado de edificio Pazo do Real situado na Rúa Concepción Arenal cuxos titulares son PROMOCIONES SAN BIETO S.L. con CIF B-32.257.008 e sendos informes emitidos polo Arquitecto Técnico Municipal e a Policía Municipal relativo ao estado de ruina de la edificación logo do lume do inmovible acontecido o pasado día 13 de novembro onde quedou destruído o teito e o chan de madeira, quedando o edificio en grave risco de derrumbe polo que se conclúe que concurren no presente caso os supostos establecidos no artigo 201.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da lei 15/2004, do 29 de decembro e para a declaración de ruina.

Visto escrito da Delegación Territorial de Pontevedra, de data 17 de novembro de 2009, respecto a condición do inmovible coma ben de interese cultural.

De acordo aos informe técnico relativos ao estado de ruina da edificación sinalada e de conformidade co disposto no artigo 201.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da lei 15/2004, do 29 de decembro e 33 do Decreto 28/1999 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.º Iniciar de oficio expediente contradictorio de declaración de ruina de edificación sita edificio Pazo do Real situado na Rúa Concepción Arenal cuxo titular é PROMOCIONES SAN BIETO S.L.

2.º Dar audiencia aos propietarios, aos moradores e aos titulares de dereitos reais sobre o inmovible, se os houber, dándolles traslado literal dos informes técnicos, para que, no prazo quince días, aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que coiden pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos.

2. Requirir dos propietarios do inmovible que aporten proxecto técnico visado relativo ás medidas de conservación que corresponde adoptar respecto da estrutura do inmovible e da seguridade dos veciños, e atendendo á condición do inmovible coma ben de interese cultural.

3.º De conformidade co sinalado no artigo 46 do Decreto 28/1999 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, a declaración administrativa de ruína ou a adopción de medidas de urxencia pola Administración non eximirá os propietarios das responsabilidades de toda orde que se lles puidesen esixir por negligencia nos deberes de conservación que lles correspondan.

4.º Ordenar como medida preventiva aos citados titulares para que no prazo de quince días procedan ao vallado do edificio.

5.º Dar traslado do presente acordo de inicio de expediente de ruína á Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, de conformidade no disposto no artigo 41 da Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

17.- TRÁFICO

17.A) Vista a proposta da concelleira de mobilidade do 17 de novembro de 2009, que indica que debido á afluencia de tráfico ó campo de fútbol municipal do Casal, os vehículos entran por o lago de Abelendo sen que poidan dar volta o final do camiño. Xa no seu día o veciño José Rodríguez Fernández se queixou ao Concello por esta causa, e **propón** a instalación do sinal de camiño sen saída na entrada deste vial, ao lado do lavadeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

17.B) O representante da Asociación Veciñal Berducedo e Piñeiro, por escrito do 19 de novembro de 2009, expón que os cruces de estradas de titularidade municipal coa estrada provincial E-1101, representan un perigo constante en canto á seguridade vial, non quedando claro nos casos de sinistros a preferencia de paso e solicita que sexan instalados sinais de preferencias de paso (ceda ao paso ou stop) nos cruces coa estrada provincial, en especial en:

- Veiga do mal, xunto á parada do autobús, no cruce co camiño do Corral,
- Cruce da Casa da Cultura

- Cruce na Villarroza. Detrás da casa do taxista.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 25.11.09,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a sinalización nos tres cruces indicados na solicitude.

18.- VADOS

D.^a Carmen del Río Santiago, por instancia do 19 de novembro de 2009, expón que debido á defunción do seu home necesita poñer o vado ao seu nome, e que se lle comunique ao ORAL o cambio de titularidade do vado nº 004 que está a nome de D. Pablo Costa Chapela en Villa de Madrid, 1, ao seu.

Vista a conformidade da concelleira de Mobilidade,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o cambio de titularidade do vado nº de placa 004, que estaba a nome de D. Pablo Costa Chapela á de D.^a Carmen del Río Santiago.

19.- FURANCHOS

19.A) D. JULIO GONZÁLEZ PAREDES solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 600 litros de viño branco e 400 de tinto, de colleita propia, en Vilela, 197, a partir do 1 de decembro de 2009. Presenta declaración de colleita de uva, de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural, e copia da inscrición no rexistro vitícola do MAPA.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, dende o 1 de decembro de 2009 e por un período de tres meses, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

19.B) D.MANUEL SANTOMÉ MARTÍNEZ solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 1000 litros de branco e 500 litros de tinto, en Carballasdasna, 27. Presenta declaración de colleita de uva, de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural, e copia da inscrición no rexistro vitícola do MAPA.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

19.C) D.^a LUISA ENTENZA ENTENZA solitica autorización para abrir un furancho no baixo da súa vivenda, en Broullón 7, para a venda de 500 litros de viño da súa

colleita, os meses de decembro de 2009, xaneiro e febreiro de 2010. Presenta declaración de colleita de uva, de produción campaña 2009-10 da Consellería de Medio Rural, e copia da inscrición no rexistro vitícola do MAPA.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado, dende o mes de decembro deste ano ata febreiro de 2010 –incluído–, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

20.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA.

Vista a proposta do Concelleiro de Servizos do 30 de novembro de 2009 que di:

No DOG nº 219, do 30 de outubro de 2009, publicouse a *Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2009 e ao abeiro do convenio suscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) o día 3 de xullo de 2009.*

Unha vez examinadas as bases e dado que o prazo para solicitar as axudas foi ampliado ata o día 11 de decembro,

PROPOÑO:

A) Que o Concello solicite axuda dentro do sector *Transporte*, Código IN417D, concepto *ESTUDOS XERAIS DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE*, para o **estudo** “Plan de mellora do transporte colectivo no concello de Moaña (Pontevedra)”.

Que segundo se recolle en dita Resolución, se fose concedida a axuda e o Concello fose beneficiario dela, deberíase aprobar polo Pleno o compromiso de levar a cabo as medidas que se propoñan nestes estudos, **sempre e cando sexan viables técnica e economicamente**.

Que a contía total do proxecto que se presenta é de 58.000 euros (ive incluído), e a contía máxima da subvención é do 60% do custe.

B) Que o Concello solicite axuda dentro do sector *Servizos públicos*, Código IN417P, concepto *PROXECTOS DE RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR*, para o **proxecto** “Centr. Xest. e Red. do gasto enerxético nas iluminacións públicas de Palmás e Verdeal en Domaio”.

Que a contía total do proxecto que se presenta é de 231.669,96 euros (ive incluído), e a contía máxima da subvención é do 70% do custe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar ditas axudas e aprobar a proposta do concelleiro nos seus xustos termos.

21- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

21.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MANUEL CHAPELA PIÑEIRO	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170 – 2º D	Conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia
JUAN LUIS SANTOMÉ CURRÁS	Saneamento uso doméstico	Moureira, 166 – Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.
XOSÉ XOÁN MELÓN GONZÁLEZ	Auga uso doméstico	Rúa Pura P. Prado, s/n – portal 2 – dúplex C	Conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia
ALFREDO ÁLVAREZ PAREDES	Auga uso doméstico	Bernardino Graña, portal 1 – 3º A	Conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia
JOSÉ LUIS GARCÍA MARTÍNEZ	Saneamento uso doméstico	Pombal, 4 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.

21.B) D.^a MARÍA LILIA RODRÍGUEZ MALVIDO solicita autorización para conectar coa rede municipal de auga para obra en Casal, 26. Presenta xustificante de ter pagadas as taxas por dereitos de conexión (60 euros) e depositada unha fianza de 20 euros.

Vista a ordenanza fiscal reguladora deste servizo na que se recolle que a fianza para os casos de abastecemento de auga para obra é de 150 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a conexión solicitada **previo** depósito da cantidade restante da fianza e que ascende a 130 euros, dado que xa pagara 20 euros.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.